

CALENDARIO ESTABLECIDO NO PROCESO DE ADMISIÓN E DE MATRÍCULA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PARA O CURSO 2024-2025

- **Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2024:** Prazo para reservar praza no centro de adscrición.
- **22 de febreiro de 2024:** Publicación da listaxe do alumnado con posto reservado no centro de adscrición.
- **Antes do 1 de marzo de 2024:** Publicación de postos escolares vacantes.
- **Antes do 1 de marzo de 2024:** Data do sorteo público para os efectos de desempate.
- **Do 1 de marzo ao 20 de marzo de 2024:** prazo de presentación das solicitudes a través da sede electrónica ou ben persoalmente no centro educativo elixido en primeiro lugar.
- **Do 21 de marzo ao 8 de abril de 2024:** Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só en caso de que o centro teña que baremar).
- **Antes do 25 de abril de 2024:** Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido.
A partir do seguinte día ao da súa publicación, abrirase un prazo de 5 días hábiles para formular reclamacións ante o Consello Escolar.
- **Antes do 15 de maio de 2024:** Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos.
- **Do 20 de xuño ao 1 de xullo de 2024:** Formalización da matrícula en educación infantil e primaria.